



## EXCURSIÓN A BARCELONA 8-12 OUTUBRO 2016

### 1 - Día 08 Octubre.- SANTIAGO DE COMPOSTELA - ZARAGOZA - BARCELONA.

Saída de madrugada á hora acordada con dirección Zaragoza, (horario por determinar). Paradas que sexan necesarias. Noite en ruta. Chegada a Zaragoza e visita da capital de Aragón. Basílica e Praza do Pilar, Catedral da Seo, Pza. dos Sitios, Ponte Romana, etc... Almorzo en restaurante concertado. Continuación da viaxe ata chegar a Santa Susana, poboación onde se encontra o noso hotel. Distribución de habitacións. Cea e aloxamento.

### 2 - Día 09 Octubre.- BARCELONA.

Almorzo e saída cara a Cidade Condal. Este día, acompañados polo noso guía local visitaremos Barcelona comezando cunha panorámica. Pza. de Toros da Monumental, C/ Marina, Diagonal, Paseo de Gracia, pasando pola Casa Batllo e a Casa Milá, etc. Realizaremos unha parada para visitar a Sagrada Familia, tanto exterior con interior. Continuación da mañá coa visita do Parque Güell. Almorzo en restaurante concertado. Pola tarde continuaremos a visita pola Vila Olímpica, que se encontra en Montjuic, onde realizaremos unha parada no monumento á sardana.

Posteriormente realizaremos un paseo dende a Pza. de Cataluña ata a zona do porto, visitando toda a zona das famosas Ramblas das Flores. Volta ó hotel. Cea e aloxamento.

### 3 - Día 10 Octubre.- BARCELONA.

Almorzo e saída cara Barcelona, este día continuaremos a visita da cidade polo Hospital de Sant Pau, o edificio de estilo Modernista máis grande do Mundo, después trasladaremosnos ó Barrio Gótico, coñecendo o Casco Antigo da cidade, Catedral, Pazo do Concello, Pazo da Generalitat, etc... Tamén visitaremos o famoso Mercado da Boquería. Almorzo en restaurante concertado. Pola tarde, continuaremos a visita por Pueblo Español, lugar onde están representados edificios e prazas do resto de España e que se construiu para a exposición de 1929. Despóis da visita, trasladaremosnos ó Port Vell, onde poderemos dar un paseo polo seu porto deportivo, tomar algo nas súas terrazas ou admirar dende aquí o famoso barrio da Barceloneta. Volta ó hotel. Cea e aloxamento.

### 4- Día 11 Octubre.- MONTSERRAT - BARCELONA.

Almorzo e saída cara o espectacular monte de Montserrat, chegada e visita de un dos Templos máis impresionantes do Mundo, onde se atopa a coñecida por los cataláns como a "Moreneta". Visitaremos o camarín de Ntra. Sra. A Virxe de Montserrat, e realizaremos o típico percorrido ata sair pola zona do velario. Tempo libre para realizar algunhas compras. Volta ó hotel e almorzo. Pola tarde teremos tempo libre en Santa Susana, poboación onde estamos aloxados, para poder descansar ou dar un paseo por unha das cidades máis turísticas do Mediterráneo. Cea e aloxamento.

### 5 -Día 12 Octubre.- BARCELONA - SANTIAGO DE COMPOSTELA.

Almorzo e saída cara Santiago. Paradas no camiño que sexan necesarias. Almorzo en restaurante concertado. Continuación da viaxe, chegada e fin dos nosos servizos.

#### Inclúe:

Autocar confort.- Pensión Completa según circuito.- Auga e viño nas comidas.- Seguro turístico.- Guía Acompañante.- Hotel 4 Estrelas.- Habitacións dobles con baño completo.- Entradas: Sagrada Familia, Parque Güell, Hospital de Sant Pau, Pueblo Espanyol, Parking Monserrat.-

#### Non Inclúe:

Calquer outro servizo non especificado no apartado "Inclúe"

**Prezo: 284€/Persoa\*** (Prezo para grupo a partir de 50 persoas)